



RECITAL DE PIANO
ALICIA GONZÁLEZ PERMUY



RECITAL DE PIANO
ALICIA GONZÁLEZ PERMUY

ALICIA GONZÁLEZ PERMUY

Nace en 1978 en Lalín [Pontevedra], onde comeza a estudar piano e violín á idade de sete anos. En 1995 prosegue os seus estudos en *L'Escola de Música de Barcelona* con Albert Attenelle [piano] e Jordi Mora [música de cámara], ao mesmo tempo que asiste a diferentes cursos con Irina Zariskaya, Manuel Carra, Almudena Cano, Josep Colom, ... En 1999 obtén unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña e trasládase a Holanda, onde realiza os estudos de Postgraduado no *Brabants Conservatorium de Tilburg* con Ton Demmers [piano] e Jan Gruithuyzen [música de cámara]. Se gradúa en 2002 con mención especial "*Summa Cum Laude*" e é elixida entre os mellores alumnos do último curso para tocar no "*Laureatenconcert*". Tras terminar o Postgraduado continúa os seus estudos con Jan Wijn, recoñecido pianista e pedagogo holandés.

Obtén diversos premios e diplomas: 3º Premio no III Concurso "Ciudad de Segovia" [1994], Premio de Honra "*Fin de Grado Medio*" [Lalín, 1996], Diploma de "*Licenciate in Pianoforte Playing*" da *Guidhall School of Music and Drama* [Londres, 1996], 3º Premio en el *XII Concurso Internacional de Piano* [Berga, 1997], Matrícula de Honra [10º de piano] e Premio Fin de Carreira [A Coruña, 2001], Diploma de Postgraduado, Master Degree [Tilburg, Holanda, 2002], Finalista do *VIII Ciclo de Jóvenes Intérpretes* [Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2003], 2º Premio no *I Concurso de Piano* organizado pola ASGAIM e *Premio á Mellor Interpretación de Música Galega* [A Coruña, 2004], *Premio Especial á Mellor Pianista acompañante no 3º Certamen Nacional de Interpretación Intercentros* [Madrid, 2004]. Realiza un intenso labor como pianista acompañante, destacando o traballo que desempeña en masterclasses con, por exemplo, os clarinetistas Joan Enric Lluna, Michael Harris, José Luís Estellés, Antony Pay, Hans Deinzer, Antonio Saiote ou Walter Boeykens, do mesmo xeito que con Donald Blakeslee, tuba solista da *Concertgebouw Orkest de Amsterdam*.

Deu recitais en España, [L'*Auditori de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada*,...], Bélxica, Holanda, Portugal, Francia... iniciando a súa carreira de solista coa *Brabants Conservatorium Orkest*. Tamén tocou como solista coa *Orquesta Sinfónica de Galicia* e gravou para *RNE* [2005].

Posúe unha ampla experiencia orquestral: colabora con asiduidade coa *Orquesta Sinfónica de Galicia*, tamén tocou coa *Orquesta Ciudad de Granada* ou a *Sinfónica de Bilbao*. Esta actividade levouna a tocar en escenarios tan importantes como o *Musikverein de Viena*, a *Kölner Philharmonie* ou o *Auditorio Nacional de Madrid*, entre outros, e lle permitiu traballar con mestres da talla de Michail Jurowski, Jesús López Cobos, Ton Koopman, Alberto Zedda, Christian Zacharias, Dima Slobodeniouk, Lorin Maazel...

Actualmente é profesora de piano no *Conservatorio Superior de Música de A Coruña*, ao mesmo tempo que continúa a súa carreira concertística como solista e dentro do campo da música de cámara.

ALICIA GONZÁLEZ PERMUY

Nace en 1978 en Lalín [Pontevedra], onde comeza a estudar piano e violín á idade de sete anos. En 1995 prosegue os seus estudos en *L'Escola de Música de Barcelona* con Albert Attenelle [piano] e Jordi Mora [música de cámara], ao mesmo tempo que asiste a diferentes cursos con Irina Zariskaya, Manuel Carra, Almudena Cano, Josep Colom, ... En 1999 obtén unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña e trasládase a Holanda, onde realiza os estudos de Postgraduado no *Brabants Conservatorium de Tilburg* con Ton Demmers [piano] e Jan Gruithuyzen [música de cámara]. Se gradúa en 2002 con mención especial "*Summa Cum Laude*" e é elixida entre os mellores alumnos do último curso para tocar no "*Laureatenconcert*". Tras terminar o Postgraduado continúa os seus estudos con Jan Wijn, recoñecido pianista e pedagogo holandés.

Obtén diversos premios e diplomas: 3º Premio no III Concurso "Ciudad de Segovia" [1994], Premio de Honra "*Fin de Grado Medio*" [Lalín, 1996], Diploma de "*Licenciate in Pianoforte Playing*" da *Guidhall School of Music and Drama* [Londres, 1996], 3º Premio en el *XII Concurso Internacional de Piano* [Berga, 1997], Matrícula de Honra [10º de piano] e Premio Fin de Carreira [A Coruña, 2001], Diploma de Postgraduado, Master Degree [Tilburg, Holanda, 2002], Finalista do *VIII Ciclo de Jóvenes Intérpretes* [Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2003], 2º Premio no *I Concurso de Piano* organizado pola ASGAIM e *Premio á Mellor Interpretación de Música Galega* [A Coruña, 2004], *Premio Especial á Mellor Pianista acompañante no 3º Certamen Nacional de Interpretación Intercentros* [Madrid, 2004]. Realiza un intenso labor como pianista acompañante, destacando o traballo que desempeña en masterclasses con, por exemplo, os clarinetistas Joan Enric Lluna, Michael Harris, José Luís Estellés, Antony Pay, Hans Deinzer, Antonio Saiote ou Walter Boeykens, do mesmo xeito que con Donald Blakeslee, tuba solista da *Concertgebouw Orkest de Amsterdam*.

Deu recitais en España, [L'*Auditori de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada*,...], Bélxica, Holanda, Portugal, Francia... iniciando a súa carreira de solista coa *Brabants Conservatorium Orkest*. Tamén tocou como solista coa *Orquesta Sinfónica de Galicia* e gravou para *RNE* [2005].

Posúe unha ampla experiencia orquestral: colabora con asiduidade coa *Orquesta Sinfónica de Galicia*, tamén tocou coa *Orquesta Ciudad de Granada* ou a *Sinfónica de Bilbao*. Esta actividade levouna a tocar en escenarios tan importantes como o *Musikverein de Viena*, a *Kölner Philharmonie* ou o *Auditorio Nacional de Madrid*, entre outros, e lle permitiu traballar con mestres da talla de Michail Jurowski, Jesús López Cobos, Ton Koopman, Alberto Zedda, Christian Zacharias, Dima Slobodeniouk, Lorin Maazel...

Actualmente é profesora de piano no *Conservatorio Superior de Música de A Coruña*, ao mesmo tempo que continúa a súa carreira concertística como solista e dentro do campo da música de cámara.